

## INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación coa **liquidación do orzamento da Deputación correspondente ao exercicio de 2023** (expediente nº 2024.006887), emítense o seguinte informe:

### NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do TRLRHL, en materia orzamentaria.
- Lei Orgánica 2/2012, e 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación as entidades locais (REO)
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que ese aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo polo que se regula o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde 419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos Orzamentos das entidades locais.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Bases de execución do orzamento para o exercicio de 2023.

### CONSIDERACIÓNS

#### Primeira. Regulación legal.

De conformidade co disposto no artigo 191 do TRLRFL, a liquidación dos orzamentos das Entidades Locais, efectuarase, e canto a recadación de dereitos e pago das obrigas, a 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da tesourería os ingresos e gastos pendentes.



*A. Contido:*

A liquidación do orzamento porá de manifesto:

- a. Respecto do orzamento de gastos, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagos ordenados e os pagos realizados.
- b. Respecto do orzamento de ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

2. Como consecuencia da liquidación do orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.
- O resultado orzamentario do exercicio.
- Os remanentes de crédito.
- O remanente de tesourería.

*B. Ámbito temporal.*

O peche e liquidación dos orzamentos da entidade local efectuaranse, en canto á recadación de dereitos e o pago de obrigas, o 31 de decembro do ano natural.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

*C. Elaboración, informe e aprobación*

Unha vez elaborada a liquidación do orzamento e informada pola Intervención, procederase á súa aprobación pola Presidenta/e da entidade.

*D. Dación de conta e remisión*

Da liquidación de cada un dos orzamentos que integran o orzamento xeral, unha vez realizada a súa aprobación, darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre.

As entidades locais remitirán copia da liquidación dos seus orzamentos á Administración do Estado e á comunidade autónoma antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda.

A falta de remisión da liquidación no prazo sinalado facultará á Administración para utilizar como actuais, a calquera efecto, os datos que coñeza relativos á entidade de que se trate.

**Segunda. Contido da liquidación do Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.**

A liquidación do orzamento da Deputación de Pontevedra – exercicio 2023 incorpora a documentación correspondente:

- Liquidación do orzamento de Gastos, con determinación dos remanentes de crédito.
- Liquidación do orzamento de Ingresos.
- Dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pago a 31 de decembro.



- O resultado orzamentario.
- O remanente de tesouraría.

Para a elaboración deste informe de liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra– exercicio 2023, tomouse como referencia os datos de execución orzamentaria derivados formalmente dos libros de contabilidade.

### Terceira. Liquidación orzamento de gastos e ingresos.

#### GASTOS

Como pódese observar na táboa 1 os créditos iniciais do Orzamento xeral desta Deputación ascenderon á contía de 181.633.895,00 €. Dito importe inicial foi modificado nun importe global de 268.904.471,66 €, incrementando os créditos definitivos ao importe total de 450.538.366,66 €. Neste exercicio recoñécéronse obrigas de gasto polo importe neto de 199.117.079,74 €.

*Táboa 1. Execución orzamentaria 2023. Créditos iniciais e definitivos, obrigas recoñecidas netas e pagos (resumo por capítulos).*

Capítulo	Denominación	C.I.	Modificacións	C.D.	O.R.	Pagos
1	Gastos de persoal	50.419.227,00	1.342.560,67	51.761.787,67	47.594.293,77	47.594.293,77
2	Gastos correntes en bens e servizos	39.532.704,00	11.750.342,82	51.283.046,82	33.441.822,61	33.195.207,73
3	Gastos financeiros	105.002,00	293.199,63	398.201,63	348.241,75	348.241,75
4	Transferencias correntes	31.555.688,00	14.851.091,00	46.406.779,00	24.536.277,86	24.536.277,86
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	1.000.000,00	0,00	0,00
<b>Total correntes</b>		<b>122.612.621,00</b>	<b>28.237.194,12</b>	<b>150.849.815,12</b>	<b>105.920.635,99</b>	<b>105.674.021,11</b>
6	Investimentos reais	16.905.139,00	84.578.321,16	101.483.460,16	32.470.335,01	32.407.715,16
7	Transferencias capital	41.587.902,00	155.688.969,04	197.276.871,04	60.023.550,94	60.023.550,94
<b>Total capital</b>		<b>58.493.041,00</b>	<b>240.267.290,20</b>	<b>298.760.331,20</b>	<b>92.493.885,95</b>	<b>92.431.266,10</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>		<b>181.105.662,00</b>	<b>268.504.484,32</b>	<b>449.610.146,32</b>	<b>198.414.521,94</b>	<b>198.105.287,21</b>
8	Activos financeiros	287.400,00	399.986,97	687.386,97	461.724,43	461.724,43
9	Pasivos financeiros	240.833,00	0,37	240.833,37	240.833,37	240.833,37
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>528.233,00</b>	<b>399.987,34</b>	<b>928.220,34</b>	<b>702.557,80</b>	<b>702.557,80</b>
<b>TOTAL</b>		<b>181.633.895,00</b>	<b>268.904.471,66</b>	<b>450.538.366,66</b>	<b>199.117.079,74</b>	<b>198.807.845,01</b>

Como amosa a táboa 2, o importe dos créditos definitivos (C.D.) incrementouse nos últimos anos (9,62% en cómputo global respecto ao ano anterior). Nun desglose por capítulos e considerando os créditos definitivos do exercicio anterior, incrementouse a consignación nos capítulos 1, 2 e 3 de gasto corrente, así como nos capítulos 6 e 7, con diminución nos capítulos correspondentes a gastos financeiros (cap. 8 e 9).



*Táboa 2. Créditos definitivos orzamentos 2020 – 2023.*

Capítulo	Denominación	C.D. 2020	C.D. 2021	C.D. 2022	C.D. 2023
1	Gastos de persoal	48.215.660,94	48.111.335,00	49.496.323,49	51.761.787,67
2	Gastos correntes en bens e servizos	41.248.352,93	43.406.779,68	49.908.351,60	51.283.046,82
3	Gastos financeiros	373.770,27	401.001,00	310.500,70	398.201,63
4	Transferencias correntes	49.280.009,15	45.467.775,82	51.658.849,30	46.406.779,00
5	Gastos imprevistos	0,00	1.000.000,00	1.000.000,00	1.000.000,00
<b>Total correntes</b>		<b>139.117.793,29</b>	<b>138.386.891,50</b>	<b>152.374.025,09</b>	<b>150.849.815,12</b>
6	Investimentos reais	39.683.737,96	57.252.883,76	83.507.792,77	101.483.460,16
7	Transferencias capital	136.942.443,09	165.633.069,33	173.637.899,42	197.276.871,04
<b>Total capital</b>		<b>176.626.181,05</b>	<b>222.885.953,09</b>	<b>257.145.692,19</b>	<b>298.760.331,20</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>		<b>315.743.974,34</b>	<b>361.272.844,59</b>	<b>409.519.717,28</b>	<b>449.610.146,32</b>
8	Activos financeiros	1.613.680,07	1.044.767,44	738.422,86	687.386,97
9	Pasivos financeiros	5.749.126,97	889.215,00	727.119,30	240.833,37
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>7.362.807,04</b>	<b>1.933.982,44</b>	<b>1.465.542,16</b>	<b>928.220,34</b>
<b>TOTAL</b>		<b>323.106.781,38</b>	<b>363.206.827,03</b>	<b>410.985.259,44</b>	<b>450.538.366,66</b>

### Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 3, a porcentaxe de execución sobre créditos definitivos é do 44,20%. Por capítulos, a porcentaxe de execución máis alta é a do capítulo 9 (100%) seguida do capítulo 1 (91,95 %) e do 3 (87,45%). Por debaixo lle seguen o capítulo 8 (67,17%), capítulo 2 (65,21%), e o capítulo 4 (52,87 %). Nos capítulos 6 e 7 a execución sitúase por debaixo do 50% (32% e 30,43%, respectivamente)

Si ben a porcentaxe de execución (obrigas recoñecidas/créditos definitivos) nos capítulos 6 e 7 segue a ser moi baixa, destacamos como aspecto positivo a mellora do resultado dos últimos anos (no 2022 acadáronse unhas porcentaxes de execución nestes capítulos do 23,50% e 24,40%, sendo as mais baixas dos últimos anos) (táboa 4).

Non en tanto, e como en informes anteriores, lémbrese a necesidade de procurar un maior cumprimento do principio xeral de anualidade orzamentaria, recomendando a adopción de medidas de mellora na planificación e programación do gasto. A execución plurianual de gastos que se orzamentan nun único exercicio, dificulta a correcta programación e seguimento de execución orzamentaria e do cumprimento da estabilidade e da regra de gasto. Si ben neste exercicio continúan suspendidas as regras fiscais (estabilidade e regra do gasto) resulta aconsellable reducir os prazos de execución e xustificación en vindeiros exercicios (sen prexuízo das excepcións que veñan impostas polo prazo de execución real do gasto) para evitar problemas de seguimento e reducir a incerteza no seguimento.



Táboa 3. Porcentaxes de execución do orzamento de gastos 2023 (OR/CD).

Capítulo	Denominación	C.D.	O.R.	O.R./C.D.
1	Gastos de persoal	51.761.787,67	47.594.293,77	91,95%
2	Gastos correntes en bens e servizos	51.283.046,82	33.441.822,61	65,21%
3	Gastos financeiros	398.201,63	348.241,75	87,45%
4	Transferencias correntes	46.406.779,00	24.536.277,86	52,87%
5	Gastos imprevistos	1.000.000,00	0,00	
<b>Total correntes</b>		<b>150.849.815,12</b>	<b>105.920.635,99</b>	<b>70,22%</b>
6	Investimentos reais	101.483.460,16	32.470.335,01	32,00%
7	Transferencias capital	197.276.871,04	60.023.550,94	30,43%
<b>Total capital</b>		<b>298.760.331,20</b>	<b>92.493.885,95</b>	<b>30,96%</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>		<b>449.610.146,32</b>	<b>198.414.521,94</b>	<b>44,13%</b>
8	Activos financeiros	687.386,97	461.724,43	67,17%
9	Pasivos financeiros	240.833,37	240.833,37	100,00%
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>928.220,34</b>	<b>702.557,80</b>	<b>75,69%</b>
<b>TOTAL</b>		<b>450.538.366,66</b>	<b>199.117.079,74</b>	<b>44,20%</b>

Táboa 4. Porcentaxes de execución orzamentaria (OR/CD) período 2018 – 2023.

Capítulo	Denominación	2018	2019	2020	2021	2022	2023
1	Gastos de persoal	91,20%	91,68%	90,08%	88,33%	88,95%	91,95%
2	Gastos correntes en bens e servizos	62,86%	65,65%	57,62%	65,56%	66,94%	65,21%
3	Gastos financeiros	87,15%	72,31%	43,22%	46,24%	80,98%	87,45%
4	Transferencias correntes	58,26%	59,55%	60,92%	51,66%	59,40%	52,87%
5	Gastos imprevistos						
<b>Total correntes</b>		<b>71,00%</b>	<b>71,92%</b>	<b>70,00%</b>	<b>68,38%</b>	<b>71,12%</b>	<b>70,22%</b>
6	Investimentos reais	31,59%	43,74%	45,34%	29,02%	23,50%	32,00%
7	Transferencias capital	27,24%	32,96%	28,95%	25,48%	24,40%	30,43%
<b>Total capital</b>		<b>28,46%</b>	<b>35,70%</b>	<b>32,63%</b>	<b>26,39%</b>	<b>24,10%</b>	<b>30,96%</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>		<b>46,34%</b>	<b>50,85%</b>	<b>49,10%</b>	<b>42,47%</b>	<b>41,60%</b>	<b>44,13%</b>
8	Activos financeiros	58,84%	45,52%	19,42%	41,87%	22,74%	67,17%
9	Pasivos financeiros	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%	100,00%
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>85,36%</b>	<b>79,97%</b>	<b>82,34%</b>	<b>68,60%</b>	<b>61,07%</b>	<b>75,69%</b>
<b>TOTAL</b>		<b>47,57%</b>	<b>51,49%</b>	<b>49,85%</b>	<b>42,61%</b>	<b>41,67%</b>	<b>44,20%</b>

En termos interanuais, como se recolle na táboa 5, as obrigas recoñecidas (fase O) se incrementan respecto ao ano anterior, diminuindo as obrigas recoñecidas no capítulo de transferencias correntes, con incremento das obrigas nos capítulos de investimento e transferencias de capital (65,48% e 41,69% respectivamente).



Táboa 5. Porcentaxes de variación interanual de obrigas recoñecidas (O) no período 2018 – 2023

Capítulo	Denominación	OR2019/	OR2020/	OR2021/	OR2022/	OR2023/
		OR 2018	OR 2019	OR 2020	OR 2021	OR 2022
1	Gastos de persoal	2,32%	1,32%	-2,15%	3,60%	8,10%
2	Gastos correntes en bens e servizos	2,24%	-7,09%	19,74%	17,39%	0,10%
3	Gastos financeiros	-77,11%	34,06%	14,78%	35,62%	38,49%
4	Transferencias correntes	17,81%	2,69%	-21,76%	30,63%	-20,04%
5	Gastos imprevistos					
<b>Total correntes</b>		<b>6,01%</b>	<b>-0,43%</b>	<b>-2,83%</b>	<b>14,52%</b>	<b>-2,26%</b>
6	Investimentos reais	32,46%	-14,45%	-7,65%	18,09%	65,48%
7	Transferencias capital	32,44%	-14,73%	6,46%	0,38%	41,69%
<b>Total capital</b>		<b>32,45%</b>	<b>-14,64%</b>	<b>2,06%</b>	<b>5,38%</b>	<b>49,22%</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>		<b>15,42%</b>	<b>-6,23%</b>	<b>-1,01%</b>	<b>11,02%</b>	<b>16,47%</b>
8	Activos financeiros	-41,39%	-74,43%	39,60%	-61,61%	174,97%
9	Pasivos financeiros	-28,07%	24,18%	-84,53%	-18,23%	-66,88%
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>-31,33%</b>	<b>3,54%</b>	<b>-78,12%</b>	<b>-32,53%</b>	<b>-21,50%</b>
<b>TOTAL</b>		<b>12,79%</b>	<b>-5,90%</b>	<b>-3,91%</b>	<b>10,65%</b>	<b>16,27%</b>

En canto a execución dos pagos respecto das obrigas recoñecidas (táboa 6), acádase unha porcentaxe do 99,84% (100% en todos os capítulos excepto 2 e 6).

Táboa 6. Execución pagos 2023 (Pagos/Obrigas recoñecidas)

Capítulo	Denominación	O.R.	Pagos	Pagos/OR
1	Gastos de persoal	47.594.293,77	47.594.293,77	100,00%
2	Gastos correntes en bens e servizos	33.441.822,61	33.195.207,73	99,26%
3	Gastos financeiros	348.241,75	348.241,75	100,00%
4	Transferencias correntes	24.536.277,86	24.536.277,86	100,00%
5	Gastos imprevistos	0,00	0,00	
<b>Total correntes</b>		<b>105.920.635,99</b>	<b>105.674.021,11</b>	<b>99,77%</b>
6	Investimentos reais	32.470.335,01	32.407.715,16	99,81%
7	Transferencias capital	60.023.550,94	60.023.550,94	100,00%
<b>Total capital</b>		<b>92.493.885,95</b>	<b>92.431.266,10</b>	<b>99,93%</b>
<b>Total gastos non financeiros</b>		<b>198.414.521,94</b>	<b>198.105.287,21</b>	<b>99,84%</b>
8	Activos financeiros	461.724,43	461.724,43	100,00%
9	Pasivos financeiros	240.833,37	240.833,37	100,00%
<b>Total gastos financeiros</b>		<b>702.557,80</b>	<b>702.557,80</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL</b>		<b>199.117.079,74</b>	<b>198.807.845,01</b>	<b>99,84%</b>



## INGRESOS

Segundo detalle da táboa 7, as previsións iniciais de ingreso do orzamento xeral desta Deputación ascenderon á contía de 181.633.895,00 €. Dito importe inicial foi modificado nun importe global de 268.904.471,66 €, incrementando as previsións definitivas ao importe total de 450.538.366,66 €. Neste exercicio recoñecéronse dereitos polo importe neto de 216.593.470,03€.

*Táboa 7. Execución orzamentaria 2023. Previsións iniciais e definitivas, dereitos recoñecidos netos e ingresos (resumo por capítulos).*

Capítulo	Denominación	P. iniciais	Modificacións	P. definitivas	D.R	Ingreso
1	Impostos directos	13.918.299,00	2.212.117,22	16.130.416,22	16.998.660,10	15.890.625,40
2	Impostos indirectos	14.920.959,00	0,00	14.920.959,00	14.657.958,72	13.436.462,16
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.231.701,00	6.904,95	12.238.605,95	12.733.428,89	12.448.618,93
4	Transferencias correntes	137.424.819,00	9.600.389,08	147.025.208,08	150.975.700,78	138.961.732,10
5	Ingresos patrimoniais	236.826,00	198.200,00	435.026,00	4.999.174,98	4.986.152,42
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>178.732.604,00</b>	<b>12.017.611,25</b>	<b>190.750.215,25</b>	<b>200.364.923,47</b>	<b>185.723.591,01</b>
6	Alleamento investimentos reais	1.000.500,00	12.500,00	1.013.000,00	1.244.346,88	1.016.032,46
7	Transferencias de capital	1.400.791,00	27.366.507,47	28.767.298,47	14.217.911,83	14.205.099,77
<b>Total ingresos capital</b>		<b>2.401.291,00</b>	<b>27.379.007,47</b>	<b>29.780.298,47</b>	<b>15.462.258,71</b>	<b>15.221.132,23</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>		<b>181.133.895,00</b>	<b>39.396.618,72</b>	<b>220.530.513,72</b>	<b>215.827.182,18</b>	<b>200.944.723,24</b>
8	Activos financeiros	500.000,00	206.708.147,88	207.208.147,88	766.287,85	717.568,43
9	Pasivos financeiros	0,00	22.799.705,06	22.799.705,06	0,00	0,00
<b>Total op. cap. financieras</b>		<b>500.000,00</b>	<b>229.507.852,94</b>	<b>230.007.852,94</b>	<b>766.287,85</b>	<b>717.568,43</b>
<b>TOTAL</b>		<b>181.633.895,00</b>	<b>268.904.471,66</b>	<b>450.538.366,66</b>	<b>216.593.470,03</b>	<b>201.662.291,67</b>

### Execución orzamentaria

Como podemos ver na táboa 8, as porcentaxes de execución por capítulo son elevadas, superándose as previsións nos capítulos de ingreso corrente (excepto en impostos indirectos) e no capítulo 6 de alleamentos de investimentos reais.

Os capítulos 8 e 9 executáronse nunhas porcentaxes do 0,37% e 0% respectivamente. A baixa porcentaxe do capítulo 8 ven dada pola composición deste capítulo que se corresponde nun 99,76% das previsións definitivas, co remanente de tesouraría incorporado para financiamento de modificacións de crédito. A previsión definitiva do capítulo 9 se corresponde co importe non disposto da operación de préstamo concertado para financiamento do programa Reacon. No ano 2023 non se dispuxo ningunha cantidade, con previsión de disposición no exercicio 2024. Se excluimos estes dous capítulos do cálculo da execución global, acádase unha porcentaxe de execución dos ingresos próxima ao 100% (97,87%) indicativa dun bo axuste orzamentario.



*Táboa 8. Porcentaxes de execución do orzamento de ingresos 2023 (DRN/PD).*

Capítulo	Denominación	P. definitivas	D.R	DR/PD
1	Impostos directos	16.130.416,22	16.998.660,10	105,38%
2	Impostos indirectos	14.920.959,00	14.657.958,72	98,24%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.238.605,95	12.733.428,89	104,04%
4	Transferencias correntes	147.025.208,08	150.975.700,78	102,69%
5	Ingresos patrimoniais	435.026,00	4.999.174,98	1149,17%
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>190.750.215,25</b>	<b>200.364.923,47</b>	<b>105,04%</b>
6	Alleamento investimentos reais	1.013.000,00	1.244.346,88	122,84%
7	Transferencias de capital	28.767.298,47	14.217.911,83	49,42%
<b>Total ingresos capital</b>		<b>29.780.298,47</b>	<b>15.462.258,71</b>	<b>51,92%</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>		<b>220.530.513,72</b>	<b>215.827.182,18</b>	<b>97,87%</b>
8	Activos financeiros	207.208.147,88	766.287,85	0,37%
9	Pasivos financeiros	22.799.705,06	0,00	0,00%
<b>Total op. cap. financieras</b>		<b>230.007.852,94</b>	<b>766.287,85</b>	<b>0,33%</b>
<b>TOTAL</b>		<b>450.538.366,66</b>	<b>216.593.470,03</b>	<b>48,07%</b>

En termos comparativos, os ingresos globais amosan unha liña ascendente incrementándose respecto a anos anteriores (táboa 9). Respecto ao exercicio anterior os ingresos se incrementan en 15.122.110,79 (7,51 %), localizándose os maiores incrementos no capítulo 7 (como consecuencia do aumento de proxectos cofinanciados con fondos europeos e outros ingresos xustificacións de anos anteriores e anticipos recibidos de proxectos aprobados) e no capítulo 5 correspondente con xuros devengados polos excedentes de tesourería, cun incremento significativo respecto aos anos anteriores como consecuencia do importante incremento do Euribor e demais índices de referencia do mercado interbancario neste último ano (táboa 10).

*Táboa 9. Porcentaxes de incremento interanual de dereitos recoñecidos (2018/2022).*

Capítulo	Denominación	Variación 2019/2018	Variación 2020/2019	Variación 2021/2020	Variación 2022/2021	Variación 2023/2022
1	Impostos directos	14,97%	4,64%	-5,68%	-2,67%	20,77%
2	Impostos indirectos	-3,48%	4,56%	-0,55%	-8,99%	12,68%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	2,42%	-1,04%	23,15%	2,51%	-8,11%
4	Transferencias correntes	2,03%	4,00%	3,33%	10,22%	0,78%
5	Ingresos patrimoniais	-4,88%	-7,76%	-5,32%	-30,13%	2159,75%
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>2,58%</b>	<b>3,73%</b>	<b>3,52%</b>	<b>7,03%</b>	<b>4,92%</b>
6	Alleamento investimentos reais	-25,87%	200,69%	-30,68%	-56,26%	19,53%
7	Transferencias de capital	-22,37%	-76,84%	70,68%	419,78%	62,60%
<b>Total ingresos capital</b>		<b>-23,02%</b>	<b>-26,65%</b>	<b>-4,47%</b>	<b>163,68%</b>	<b>58,02%</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>		<b>1,51%</b>	<b>2,76%</b>	<b>3,34%</b>	<b>10,32%</b>	<b>7,51%</b>
8	Activos financeiros	-6,39%	-11,98%	-16,68%	-34,86%	6,46%
9	Pasivos financeiros					
<b>Total op. cap. financieras</b>		<b>-6,39%</b>	<b>-11,98%</b>	<b>-16,68%</b>	<b>-34,86%</b>	<b>6,46%</b>
<b>Total</b>		<b>1,44%</b>	<b>2,64%</b>	<b>3,19%</b>	<b>10,06%</b>	<b>7,51%</b>





Táboa 10. Variación de dereitos recoñecidos no exercicio 2023 respecto do ano anterior.

Capítulo	Denominación capítulo	Variación 2023/2022	
		Importe	%
1	Impostos directos	2.922.880,36	20,77%
2	Impostos indirectos	1.649.413,92	12,68%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	-1.123.876,44	-8,11%
4	Transferencias correntes	1.172.055,06	0,78%
5	Ingresos patrimoniais	4.777.947,60	2159,75%
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>9.398.420,50</b>	<b>4,92%</b>
6	Alleamento investimentos reais	203.345,91	19,53%
7	Transferencias de capital	5.473.850,41	62,60%
<b>Total ingresos capital</b>		<b>5.677.196,32</b>	<b>58,02%</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>		<b>15.075.616,82</b>	<b>7,51%</b>
8	Activos financeiros	46.493,97	6,46%
9	Pasivos financeiros	0,00	
<b>Total op. cap. financieras</b>		<b>46.493,97</b>	<b>6,46%</b>
<b>Total</b>		<b>15.122.110,79</b>	<b>7,51%</b>

En canto á execución da recadación ou ingresos sobre dereitos recoñecidos (táboa 11), acádase unha porcentaxe media do 93,11%, superior ao 90% en todos os capítulos excepto o 6 (81,65%).

Táboa 11. Porcentaxes de ingreso dos dereitos recoñecidos netos no exercicio 2023

Capítulo	Denominación	D.R	Ingreso	Ingreso/DR (%)
1	Impostos directos	16.998.660,10	15.890.625,40	93,48%
2	Impostos indirectos	14.657.958,72	13.436.462,16	91,67%
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	12.733.428,89	12.448.618,93	97,76%
4	Transferencias correntes	150.975.700,78	138.961.732,10	92,04%
5	Ingresos patrimoniais	4.999.174,98	4.986.152,42	99,74%
<b>Total ingresos correntes</b>		<b>200.364.923,47</b>	<b>185.723.591,01</b>	<b>92,69%</b>
6	Alleamento investimentos reais	1.244.346,88	1.016.032,46	81,65%
7	Transferencias de capital	14.217.911,83	14.205.099,77	99,91%
<b>Total ingresos capital</b>		<b>15.462.258,71</b>	<b>15.221.132,23</b>	<b>98,44%</b>
<b>Total ingresos non financeiros</b>		<b>215.827.182,18</b>	<b>200.944.723,24</b>	<b>93,10%</b>
8	Activos financeiros	766.287,85	717.568,43	93,64%
9	Pasivos financeiros	0,00	0,00	
<b>Total op. cap. financieras</b>		<b>766.287,85</b>	<b>717.568,43</b>	<b>93,64%</b>
<b>TOTAL</b>		<b>216.593.470,03</b>	<b>201.662.291,67</b>	<b>93,11%</b>



#### Cuarta. Resultado orzamentario.

A liquidación amosa un resultado orzamentario axustado por importe de 100.751.815,32 euros (táboa 12).

O resultado orzamentario é altamente positivo con suficiencia dos ingresos liquidados por operacións correntes para facer fronte á totalidade das obrigas do exercicio.

Táboa 12. Resultado orzamentario 2023

CONCEPTOS	DRN	ORN	Resultado orzamentario
A) Operaciones corrientes	200.364.923,47	105.920.635,99	94.444.287,48
B) Otras operaciones no financieras	15.462.258,71	92.493.885,95	-77.031.627,24
1. TOTAL operaciones no financieras	215.827.182,18	198.414.521,94	17.412.660,24
C) Activos financieros	766.287,85	461.724,43	304.563,42
D) Pasivos financieros	0,00	240.833,37	-240.833,37
2. Total operaciones financieras	766.287,85	702.557,80	63.730,05
<b>TOTAL</b>	<b>216.593.470,03</b>	<b>199.117.079,74</b>	<b>17.476.390,29</b>

AJUSTES		
Gastos financiados con remanente de tesorería para gastos generales		86.258.159,40
Desviaciones de financiación negativas del ejercicio		11.831.114,10
Desviaciones de financiación positivas del ejercicio		14.813.848,47

<b>RESULTADO PRESUPUESTARIO AXUSTADO</b>	<b>100.751.815,32</b>
------------------------------------------	-----------------------

#### Quinta. Remanente de Tesourería

O remanente de tesourería correspondente coa liquidación do exercicio 2023 (táboa 13) ascende á contía de 225.035.320,54 €, cun exceso de financiamento (RTGFA) de 16.008.701,10 €, resultando un importe 208.489.151,54 € de remanente de tesourería para gastos xerais (RTGX).

Para a determinación do remanente de tesourería as débedas pendentes de ingreso calculáronse con estritos criterios de prudencia. No que atinxe a determinación de dereitos de dubidoso cobro aplícase o criterio restritivo de considerar o 75% dos dereitos pendentes do ano anterior e o 100% dos restantes dereitos de exercicios pechados.



**Táboa 13. Remanente de Tesourería 2023-2021**

COMPOÑENTES	Importes 2023	Importes 2022	Importes 2021
1. Fondos líquidos	229.949.769,57	215.029.792,57	190.686.199,25
2. Derechos pendientes de cobro	18.352.152,15	15.437.730,71	15.567.958,57
(+) Orzamento corrente	14.931.178,36	11.564.955,45	13.371.820,96
(+) Orzamentos pechados	571.247,19	714.250,99	726.329,37
(+) Operacións non orzamentarias	2.849.726,60	3.158.524,27	1.469.808,24
3. Obligacións pendentes de pago	23.757.069,55	23.328.733,07	28.565.690,91
(+) Orzamento corrente	1.143.367,31	743.679,96	189.251,66
(+) Orzamentos pechados	190.889,73	163.470,22	162.128,41
(+) Operacións non orzamentarias	22.422.812,51	22.421.582,89	28.214.310,84
4. Partidas pendentes de aplicación	490.468,37	330.330,99	24.402,43
(-) Cobros realizados pendentes aplic. definitiva	326.294,61	369.696,33	784.070,15
(+) Pagos realizados pendentes aplic. definitiva	816.762,98	700.027,32	808.472,58
<b>I. Remanente de Tesourería Total (1+2-3+4)</b>	<b>225.035.320,54</b>	<b>207.469.121,20</b>	<b>177.712.869,34</b>
II. Saldo dubidoso cobro (*)	537.467,90	672.811,70	692.072,93
III. Exceso Financiamento afectada	16.008.701,10	9.357.679,64	4.124.220,31
IV. Remanente de Tesourería para gastos xerais	208.489.151,54	197.438.629,86	172.896.576,10

O RTGX incrementábase respecto a anos anteriores, localízanse o principal do incremento no compoñente de fondos líquidos, que se incrementa en 14.919.977 € fronte ao anterior, si ben parte deste incremento (44,58%) se corresponde co incremento do exceso de financiamento afectado.

O saldo acumulado nas obrigas pendentes de pago de operacións non orzamentarias mantense moi elevado. Este saldo correspóndese principalmente con ingresos pendentes de aplicacións de recursos xestionados polo ORAL. Si ben parte deste volume xustifícase na propia mecánica recadatoria, recomendándose que se leven a cabo traballos de depuración e/ou aplicación de saldos.



### Sexta. Aforro neto e porcentaxe débeda

Da liquidación da Deputación pódese destacar á obtención doutros datos de interese económico como o aforro neto ou a porcentaxe de débeda. O aforro neto calculado segundo o disposto no artigo 53.1 do TRLRFL (táboa 14) ascende a 99.236.889,14 €.

*Táboa 14: Aforro neto (artigo 53.1 TRLHL).*

<b>AFORRO NETO</b>	
Ingresos liquidados cap. 1 - 5 orzamento ingresos	200.364.923,47
Obrigas recoñecidas cap. 1, 2 e 4 orzamento gastos	105.572.394,24
Obrigas recoñecidas (capítulos 1, 2, 4), derivadas de M.C. financiadas con RLT	14.240.570,22 €
<b>AFORRO BRUTO (1-2+3)</b>	<b>109.033.099,45</b>
ATA	2.345.672,91
<b>AFORRO NETO (4-5)</b>	<b>106.687.426,54</b>

O coeficiente de débeda financeira viva sobre ingresos correntes (calculado segundo o disposto no artigo 53.2 TRLRFL) sitúase nunha porcentaxe do 12,48%.

### Sétima. Estabilidade orzamentaria e regra do gasto.

O estudio do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto é obxecto de informe independente, que complementa este informe.

### CONCLUSIÓNS:

- O estado da liquidación do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra correspondente á anualidade 2023 incorpora a documentación esixida pola normativa legal aplicable.
- O Orzamento 2023 liquídase con resultado orzamentario e remanente de tesourería positivos.
- Unha vez aprobada a liquidación por Resolución presidencial, deberase dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre. Unha copia do expediente remitirase á Administración do Estado e Administración Autónoma.

En Pontevedra,

Documento datado e asinado dixitalmente

